

## Emilia Pardo Bazán e as Torres de Meirás

Manuel Pérez Lorenzo  
IES ISAAC DÍAZ PARDO – SADA  
perezlorenzo.sada@gmail.com

(recibido novembro /2021, aceptado decembro/2021)

RESUMO: As Torres de Meirás son un edificio cunha forte carga simbólica asociada á ditadura de Franco. Porén, contan cunha historia anterior: foron construídas nunha finca na que xa existía un vello pazo –a *Granja* de Meirás– por Emilia Pardo Bazán, que participou no seu deseño e fixo delas a súa residencia e lugar traballo. Analízanse de seguido as motivacións que a levaron a erguelas, as súas características e os seus usos no tempo da escritora, cando se converteron nun espazo de referencia.

PALABRAS CHAVE: Torres, pazo, Meirás, Emilia Pardo Bazán, Franquismo.

ABSTRACT: The Torres de Meirás is a landmark: a construction whose symbolic meaning is closely connected to Franco regime. Nevertheless, The Torres itself has a particular history: they were planned and built by Emilia Pardo Bazán in a state where there was before another construction, the Farm of Meirás, that also belonged to the family and that was actually Doña Emilia studio. In this article I will analyze the reason why the Torres were constructed, as well as their characteristics and the different usages of the building in the times of Emilia Pardo Bazán, when they became a cultural referent.

KEYWORDS: Torres, Pazo, Pardo Bazán, Francoism.

O centenario do nacemento de Emilia Pardo Bazán está a coincidir no tempo coa incorporación do Pazo de Meirás a patrimonio público. Un edificio que foi reivindicado non polo seu vínculo coa escritora, senón polos procedementos coercitivos que mediaron no proceso que levou á súa entrega a Franco e por se ter constituído en símbolo das pervivencias do franquismo (Babío Urkidi, Pérez Lorenzo 2020). Porén, o certo é que o seu novo status, aínda provisional, permite un maior achegamento á figura de dona Emilia a través da que foi a súa casa nos últimos anos da súa vida. Malia ter sido transformadas polos avatares da historia, deturpadas por sucesivos moradores após 1938, as Torres son unha proxección arquitectónica da personalidade da escritora<sup>1</sup>. De feito, en boa medida podemos afirmar que son unha obra súa.

<sup>1</sup> Acerca da historia global do Pazo de Meirás, vid. Babío Urkidi, Pérez Lorenzo 2017.

Acerca deste vínculo entre espazo e persoa versarán as seguintes liñas. As primeiras debemos dedicalas a abordar unha controversia léxica: a reiterada dúbida en torno ao nome –*Pazo, Torres, Granja*– que, en moitas ocasións, nace da confusión entre etapas e edificios diferentes. Durante a ditadura, cando Meirás se converte en residencia oficial do Xefe do Estado, xeneralízase a súa denominación como *Pazo*, quizais máis acorde co novo uso e máis acaída á finalidade propagandística que pretendía identificar a presenza de Franco en Galicia cunha certa idea de galeguidade. Tampouco é que fose verba allea ao significado histórico da finca. De feito, durante séculos fora exactamente iso: un pazo. Unha residencia señorial dos devanceiros de Emilia Pardo Bazán, evolución, como en tantos casos, dunha antiga fortaleza. No século XIX, cando perde os escudos de armas, mandados repicar polo avó da escritora, liberal, é resignificado como *Granja*, se ben non muda en esencia as funcións e características propias dun pequeno pazo como os tantos que abundan na contorna. O elemento diferencial vai ser a súa moradora, dona Emilia, que xa escolle Meirás como lugar de traballo e de vida, dándolle unha notable proxección na prensa. As *Torres* virán despois e non nacerán como reconstrución nin evolución de nada anterior: son obra nova, malia ao seu aspecto, con connotacións medievais que teñen provocado, como dicía, algunhas confusións. Un edificio que non quere ser pazo e si mansión, na liña da Abbotsford House de Walter Scott ou do Craig-y-Nos Castle de Adelina Patti, e que vai convivir coa construción primitiva no mesmo predio. *Torres de Meirás* son, pois, as erguidas por Pardo Bazán dentro dunha finca á que ela mesma ten aludido como *Pazo de Meirás*, o nome que a propaganda do réxime rematou por fixar no imaxinario colectivo.

Foron varias as motivacións que levaron á autora de *La Tribuna* e á súa nai, Amalia de la Rúa, a edificar a nova casa. En primeiro lugar, as propias características da vella *Granja de Meirás*, na que morara a escritora durante boa parte dos seus primeiros 56 anos de vida e na que concibira a maior parte da súa obra: “En donde me hallo mejor para sentir esta grata fiebre de la creación artística es aquí, en la vieja Granja de Meirás, en este rincón apacible de las risueñas Mariñas”<sup>2</sup>. Malia o ambiente bucólico que a arrodeaba, nos anos oitenta do XIX dona Emilia laiábase de que “a la casa, baja e irregular aunque extensa, se la come la vegetación cubriéndola por todas partes”. A prensa recollía unha visión menos amable, ao aludir a “sus espesas paredes, sus bajas techumbres y sus anejos posteriormente agrupados en no muy estéticos pegotes”<sup>3</sup>. Non era, pois, o escenario que dona Emilia requiría para exhibir o valor da súa estirpe e o seu rango como intelectual. Non era o suficientemente cómodo nin suntuoso. O seu aspecto quizais fose demasiado rústico.

Así, en 1894, a escasos setenta metros, comezaban a erguerse as *Torres*, mentres a *Granja*, que, como casa matriz da familia, non podía ser demolida, era relegada a usos secundarios. A obra, prolongada no tempo durante dezaseis anos, ía converterse nunha oportunidade para que nai e filla puidesen explotar as súas dotes creativas desenvolvendo unha actividade inusual para as mulleres do seu tempo: serían elas as deseñadoras tanto

<sup>2</sup> “Apuntes autobiográficos” (en Freire López 2001).

<sup>3</sup> “Crónicas veraniegas. Meirás”, *El Noroeste*, 10/08/1902.

da distribución interior como do aspecto externo e do programa iconográfico<sup>4</sup>. Estamos a falar, pois, dun edificio deseñado *por* mulleres, pero tamén *para* mulleres, cun espazo reservado ao uso particular de dona Emilia: a Torre de Levante. Como se se tratase da torre da homenaxe dun castelo feudal, a estrutura máis alta do conxunto albergaba as súas estancias particulares. Nela emprazaba boa parte da súa biblioteca, entre a planta baixa, o seu despacho –que “luce reposteros con las armas de Pardo Bazán” e ten “mueblaje gótico, cuyas tapicerías reproducen retratos de escritores célebres”<sup>5</sup>–, e a superior, o seu cuarto de traballo, asomado á paisaxe das Mariñas de Sada a través do “balcón de las Musas”. Nos andares intermedios, o dormitorio, o baño e o vestidor, articulados todos os espazos de tal xeito que para subir á terceira e cuarta planta había que pasar pola alcoba, na que nacía unha escaleira de caracol.

Se o vello pazo familiar, malia que amplo, perdera as connotacións nobiliarias e non tiña o aspecto desexado, nas Torres a súa autora intelectual construíría toda unha escenografía coa que se presentar ante os seus hóspedes. Ante, mesmo, os visitantes do futuro, como ela mesmo ten advertido: “Para el decorado de la torre en construcción, que es la que yo he de habitar, quisiera imprimirle alguna huella personal, para cuando la visiten –si la visitan– los curiosos del año 2.000...”<sup>6</sup>. Basta con ollar a estética exterior do edificio, coas súas tres torres ameadas e as súas dúas portadas de inspiración románica, coas que pretendía restaurar un xeito propio de concibir a arquitectura galega, afastada dos estilos contemporáneos como o modernismo. Nestes termos dirixíase por aqueles anos aos arquitectos galegos:

El pleno conocimiento, antes artístico que científico, de nuestra riqueza arquitectónica, unido al sentimiento profundo de su belleza y el de las leyes que dictan la Naturaleza y el clima especial de nuestra región. La armonía de los monumentos y las edificaciones con el paisaje y el ambiente es una condición indispensable para evitar impresiones como las que a menudo se sufren, de disonancia horrible, ante determinadas construcciones urbanas y campestres.<sup>7</sup>

Este afán por reivindicar estilos do pasado fronte ás correntes imperantes, expresáboo nun lamento rotundo: “rezo todos los días un padrenuestro al Cristo de mi capilla de las Torres de Meirás, para que haga el milagro de resucitar a Churriguera”.<sup>8</sup>

Se nalgunha estancia se materializa de xeito especialmente revelador este carácter escenográfico é no enorme vestíbulo. Unha habitación de 180 m<sup>2</sup> na que convive unha gran vidreira cos apelidos e armas da familia con outras dúas nas que se exhiben os títulos

<sup>4</sup> Sobre o proceso de construción e as características arquitectónicas do edificio, vid. Sánchez García 2010.

<sup>5</sup> M. de Almagro San Martín: “Por los caminos del mundo. Torres de Meirás”, *La Esfera*, 21/04/1917.

<sup>6</sup> Carta de Emilia Pardo Bazán a José Alguero Penedo, s/d, Arquivo da Real Academia Galega, Depósito 1 Subsección: MO Caixa 77 2 I.

<sup>7</sup> “Figuras literarias. La Condesa de Pardo Bazán”, *La Ilustración Española y Americana*, 30/01/1920.

<sup>8</sup> Id.

das súas principais obras literarias baixo o lema persoal *De bello lucem*<sup>9</sup>. A Condesa e a escritora. A representante dunha estirpe que a sitúa nun determinado estamento social e a muller independente que acadara relevancia polos seus méritos nun mundo reservado aos homes. Así retrata este *hall* o escritor Melchor de Almagro San Martín:

Estoy en un inmenso zaguán, unido por enorme arco a una especie de patio cubierto, cuyo centro ocupa la escalera de honor.

El mueblaje de aquella estancia es español, a la moda del siglo XVII, lo cual quiere decir que predominan los damascos rojos, las mesas bargueñas, los sillones fraileros, la loza de Talavera y Alcora, los retratos de familia al estilo de Carreño, Velázquez y Coello. El aire general de esta hermosa habitación es reposado y feudal.

La luz entra tamizada por vidrieras cenitales y a través de cristaleras de colores, empomadas. Se experimenta la sensación de una Catedral [...].

La escalera muy ancha se abre en dos brazos que conducen a la galería. Es de piedra esculpida y carácter románico. La balaustrada se inspira en motivos marinos y montañoses. Tiene un sentido alegórico, como todo el palacio, en el cual las alusiones mitológicas y literarias nadan enredadas a la piedra.<sup>10</sup>

Outra sala sinalada, por dimensións e por uso, sería o comedor, escenario de grandes banquetes (Torres Regueiro 2011), cun enorme aparador neogótico, cadeiras de frade e tapices flamencos. Tamén o “salón italiano” ou salón de festas, con medallóns no teito pintados por Emilia<sup>11</sup> e, probablemente, por Amalia, e cheminea de pedra labrada con deseños da mesma autoría, do mesmo xeito que as das salas contiguas (comedor e despacho). Especial relevancia no esquema arquitectónico do conxunto se lle concedía á capela, unha habitación singular polo seu simbolismo e polos usos aos que estaba destinada, non só litúrxicos. Alí repousarían as cinzas de José Pardo Bazán (Angulo Miró 2021), marido e pai de ambas condesas, e alí tiña previsto ser soterrada a autora de *La Tribuna*, nun sepulcro de pedra erixido a tal efecto, pero que ficaría baleiro<sup>12</sup>. De natureza non menos simbólica, a biblioteca era o complemento do recinto sagrado nesa proxección da dualidade estirpe-mérito, nobreza-xenio literario. Non estaba, como vimos, circunscrita a un espazo, senón que ocupaba ata catro. Ademais dos andares superior e inferior da Torre de Levante, denominadas *biblioteca baja* e *alta* no esquema biblioteconómico da escritora, as librarías percorrían as paredes do vestíbulo, arredor da escaleira, e estendíanse a un último habitáculo, *sala del archivo*, de localización e contido aínda descoñecidos<sup>13</sup>.

O certo é que estes espazos foron escenario dunha intensa vida social, coa celebración de eventos aos que concurría a aristocracia galega, pero tamén coa visita frecuente de

<sup>9</sup> Vidreiras encargadas ao taller de Vicente Lampérez, o marido da súa amiga Blanca de los Ríos (*La Ilustración Artística*, 12/06/1911; Freire López, Thion Soriano-Mollá 2016).

<sup>10</sup> M. de Almagro San Martín: “Por los caminos del mundo. Torres de Meirás”, *La Esfera*, 21/04/1917.

<sup>11</sup> Daba constancia a súa filla Blanca nunha entrevista (*La Voz de Galicia*, 30/08/1951). Na restauración levada a cabo nos últimos anos do século XX pola familia Franco, para reparar os danos do incendio de 1978, retiráronse os medallóns de maiores dimensións que, en mal estado, aínda se conservaban.

<sup>12</sup> “Las Torres de Meirás”, *Revista oficial del Centro Gallego de Avellaneda*, 06/1932.

<sup>13</sup> Existen planos trazados pola propia Pardo Bazán (Fernández-Couto Tella 2005).

figuras do ámbito literario e artístico e, como non, de xornalistas, interesados en coñecer en vivo ese microcosmos persoal da escritora. Foron moitos os que deixaron testemuño escrito das súas impresións, como o escritor Luis Antón del Olmet:

Juro que pocas veces he sentido una más honda y súbita emoción. El edificio gris, de romántica arquitectura, perfila sus torres sobre el cielo azul. En la soledad del campo, rodeado de pinos y abetos, despide, emana una sutil sensación conventual, de calma, de sosiego. Todo se aquieta, todo duerme, yace. Hay un hondo silencio tan solo interrumpido por el vuelo de un ave. En lo alto las gárgolas que diseñan endriagos y figuras diabólicas se recortan precisas y siniestras. A mi lado la condesa madre ha hecho sonar un cornetín llamando a los criados. Yo dudo si estoy en el siglo XIV, si soy un caminante perdido y si he llegado a un suave y señorial convento, donde una hidalga abadesa me acoge.<sup>14</sup>

#### Ou o propio Almagro San Martín:

En Meirás veía yo reflejarse como en un espejo la personalidad artística de la Condesa de Pardo Bazán. Cada piedra, cada símbolo, cada detalle es una proyección espiritual de la gran escritora.

[...] El que estuvo en las Torres de Meirás lleva la sensación de haber pasado por una residencia centenaria [...], y, sin embargo, Meirás es moderno, reciente. La Condesa de Pardo Bazán, que supo pintar en los *Pazos de Ulloa* y en la *Quimera* los paisajes circundantes de la aldea, quiso enriquecerlos con una creación muy suya y construyó las Torres de Meirás. Son una obra más de Doña Emilia [...].<sup>15</sup>

As Torres de Meirás foron un espazo vivido por dona Emilia. Non durante moitos anos, pero si con intensidade. A identificación entre persoa e casa levouna a incorporar o edificio á súa obra literaria, nomeadamente en *La Quimera*, onde traza descrições detalladas e fidedignas tanto do proceso de construción como dalgúns elementos (Anido Regueiro 2017, Babío Urkidi, Pérez Lorenzo 2017: 35-39). Na voz narrativa da escritora, o interior da capela vaise debuxando con precisión:

Empujó la puerta de la sacristía que comunicaba con la sala, y estaba semioscura, alumbrada por una lamparilla de aceite ante un crucifijo tétrico, de tamaño natural, de cabellera de mujer, también natural, enredada, como empapada de sudor; y de allí cruzó a la capilla, donde negreaba el alto retablo de talla borrominesca, en contraste con la blancura de las paredes caleadas y del granito de los arcos. Dirigióse al de la izquierda, que era un sepulcro. En la imposta del arco aparecían, toscamente cortadas en el granito, las piñas de pino bravo y las veneras, símbolo de toda la naturaleza de Galicia, las selvas y las costas; el hueco que había de ocupar el sarcófago encontrábase vacío (Pardo Bazán, 1991).

<sup>14</sup> L. Antón del Olmet: “Las Torres de Meirás”, *El Noroeste*, 01/08/1908.

<sup>15</sup> M. de Almagro San Martín: “Por los caminos del mundo. Torres de Meirás”, *La Esfera*, 21/04/1917.

As Torres de Meirás, integradas nese conxunto máis amplo que inclúe a vella *Granja*, son, pois, unha parte esencial do universo da autora de *Los Pazos de Ulloa*. Como lugar de vida, de traballo, de interacción social. Mais, sobre todo, como produto da súa creatividade e tamén –e non en menor medida– da da súa nai, Amalia de la Rúa, unha figura merecente de maior atención. Agora ben, este vínculo entre Pardo Bazán e Meirás non pode levar á percepción de que todo o que pechan os seus muros corresponde a esa mesma orixe. Nada máis lonxe da realidade. Cómpre preguntarse que queda de Pardo Bazán en Meirás ou, dito doutro xeito, que elementos foron introducidos con posterioridade.

Entre o que queda, destaca, obviamente, a residencia principal das Torres, pero tamén o edificio primitivo, ensombrecido polo seu sucesor, mais cunha notable relevancia histórica. Poderíamos afirmar que a *Granja* tivo maior influencia, a nivel biográfico, sobre dona Emilia, mentres que ela determinou a existencia das Torres. Ademais dos bens inmobles, tamén persiste abundante mobiliario e obxectos artísticos, cunha titularidade aínda en disputa e baixo ameaza de que poidan ser retirados pola familia Franco. Estamos a falar, por exemplo, da mesa na que traballaba a escritora, das cadeiras do seu despacho ou das librarías da súa biblioteca, mutiladas, encaladas e recolocadas nun almacén de ferramentas. Tres referencias entre preto dun cento, que conforman un conxunto integrado cos edificios.

Porén, estes elementos conviven con moitos outros que, pola súa adscripción temporal ou estética e polo seu significado, nos remiten a outro tempo. Ao período no que Meirás foi residencia oficial de verán do ditador. E non só no interior das Torres. Nos xardíns a pegada da familia Pardo Bazán dilúese en maior medida. O que podemos observar a día de hoxe é produto ou ben da intervención das administracións públicas ou ben dos sucesivos espolios de patrimonio cultural levados a cabo para satisfacer os desexos do matrimonio Franco-Polo nun tempo no que as súas demandas non se podían cuestionar: as pías bautismais de Moraime, as pedras da Torre de Bendaña, escudos heráldicos de procedencia incerta... A propia conformación da finca difire da orixinal, como consecuencia das ampliacións levadas a cabo a partir de 1938, coa toma forzosa de parcelas lindeiras.

Estamos a falar dun espazo que posúe unha historia posterior, un periplo no que sufriu cambios profundos e no que acolleu procesos e acontecementos que, por traumáticos, outorgan unha forte carga simbólica. Se a súa transmisión a Franco estivo arrodeada de coaccións, as estadías do ditador implicaron o exercicio dunha represión multiforme sobre a veciñanza da comarca. É máis, nos seus salóns celebráronse reunións do Consello de Ministros nas que se tomaron decisións que determinaron a execución de persoas por motivos políticos. A partir de 1975, aquel edificio de aspecto medieval adquiriu unha nova connotación: converteuse nunha das imaxes que mellor representaban a impunidade do franquismo xa en democracia.

Hoxe non se entende Meirás sen a presenza creadora de Emilia Pardo Bazán como tampouco se pode comprender obviando o que aconteceu con posterioridade. O seu futuro deberase planificar encaixando dous relatos que fan deste conxunto un espazo complexo e cunha gran potencialidade didáctica.

## BIBLIOGRAFÍA

Angulo Miró, P. (2021): “Unha promesa cumprida. A última morada de José Pardo Bazán”, en *Areal. Revista Cultural de Sada*, nº 21, Sada, A.C. Irmáns Suárez Picallo.

Anido Regueiro, R. (2017): “Emilia Pardo Bazán e o pintor Joaquín Vaamonde na novela *La Quimera*”, *Areal. Revista Cultural de Sada*, nº 14, Sada, A.C. Irmáns Suárez Picallo.

Babío Urkidi, C. e M. Pérez Lorenzo (2017): *Meirás. Un pazo, un caudillo, un espolio*, Santiago de Compostela, Fundación Galiza Sempre.

Babío Urkidi, C. e M. Pérez Lorenzo (2020) [coords.]: “Dossier Meirás 2020. Unha sentenza histórica”, *Areal. Revista Cultural de Sada*, nº 21, Sada, A.C. Irmáns Suárez Picallo.

Fernández-Couto Tella, M. (2005): “Biblioteca de Emilia Pardo Bazán. Procedencias”, *La Tribuna. Cadernos de estudos da Casa Museo Emilia Pardo Bazán*, nº 3, A Coruña, Real Academia Galega.

Freire López, A. M<sup>a</sup>. (2001): “La primera redacción, autógrafa e inédita, de los Apuntes ‘autobiográficos’ de Emilia Pardo Bazán”, *Cuadernos para Investigación de la Literatura Hispánica*, nº 26, Madrid, Fundación Universitaria Española.

Freire López, A. M<sup>a</sup>., Thión Soriano-Mollá, D. (2016): *Cartas de buena amistad. Epistolario de Emilia Pardo Bazán a Blanca de los Ríos (1893-1919)*, Madrid, Iberoamericana-Vervuert.

Pardo Bazán, E. (1991): *La Quimera*, Madrid, Cátedra.

Pérez Lorenzo, M. (2021): «‘Rincón apacible de las risueñas Mariñas’. Meirás, Sada e Emilia Pardo Bazán», *Areal. Revista Cultural de Sada*, nº 22, Sada, A.C. Irmáns Suárez Picallo.

Pérez Lorenzo, M. (2021): «Meirás antes de Franco. As orixes dun espazo simbólico», en *Luzes*, nº 90.

Torres Regueiro, X. (2011): “A condesa nas súas Torres de Meirás”, *Areal. Revista Cultural de Sada*, nº 2, Sada, A.C. Irmáns Suárez Picallo.

Sánchez García, J. A. (2010): “Las Torres de Meirás. Un sueño de piedra para la Quimera de Emilia Pardo Bazán”, *Goya*, nº 332, Madrid, Fundación Lázaro Galdiano.